

Ferrolterra, 22 marzo 2015

Este ano temos un fito importante que celebrar, AGA cumpre 35 anos e a nosa delegación 30, e como non pode ser doutro xeito estamos felices polos logros conseguidos como o etiquetaxe do "mel das miñas colmeas" (agora Producción Primaria), o seguro, o plan formativo anual, a nosa Coop. Erica de comercialización, as xestións ante os organismos públicos... son tantos e tan bos os logros conseguidos que nos fan esquecer as pedras amargas do camiño.



*A abella obreira leva unha vida cargada de traballo e constancia. Unha vida breve e productiva polo ben da súa comunidade. Traballar, estar unidos e colaborar sanamente é o segredo do seu éxito. Se elas podem, nós tamén.*

## LOCAL SOCIAL

E falando de cousas boas, xa nos chegou o regalo do aniversario, hai anos tiñamos local, primeiro cedido e despois alugado pero as limitacións económicas nos obrigaron a deixalo e fomos tirando cos servizos que prestaba un socio nas súas instalacións. Hai xa meses iniciamos as xestións, primeiro cun concello onde temos moitos socios e que xeográficamente adaptábase mellor, pero pasou o tempo e non se solucionou polo que tivemos que recurrir ao que nunca nos fallou.

Nuns días de xestións o Concello de Naron cedéunos en uso a "Aula da Natureza", ubicada na antiga escola de Cerdeiras, ao carón do Xuvia. As novas instalacións, restauradas recentemente pola concellaría de Medio Ambiente está ubicada na gran "Área de Ocio do Río Xuvia", unha praxe natural moi fermosa e perfecta para o noso cometido.

O edificio dispón de dúas plantas. O baixo cunha gran sala para charlas de ata 50 persoas e tarefas de procesado, e o piso cun aula/taller para unhas 20 persoas. Cada planta ten dous servizos e unha ampla oficina, ademais dun observatorio astronómico na bufarda.

Queremos facer constar que San Sadurniño comprometeuse a ceder un pequeno local para dar servizo para o procesado do mel dos abelleiros locais, xa que temos moitos socios nese concello e nos colindantes.

## PROGRAMA FORMATIVO 2015

Como tódolos anos desenrolamos actividades diversas, incluíndo dous cursos formativos que sirven tanto para introducirse no abraiante mundo das abellas, como para optimizar a metodoloxía de traballo, e consecuentemente mellorar a relación de colaboración e respecto que debemos manter coas nosas amigas as abellas. Estes cursos serán impartidos polo equipo técnico da delegación.

### Prácticas de perfeccionamiento no entendemento das costumes das abellas.-


Para unha boa relación e disfrutar durante largos anos coas abellas o fundamental é ter un mínimo coñecemento da súa organización e os seus costumes. Debemos de ser capaces de velas e tratalas como o que realmente son, amigas e colaboradoras, e non como meros seres productivos.

Aínda que xa teñamos moita experiencia coas abellas sempre hai pequenos matices que axudarán a mellorar o noso bo facer e as relacións de intercambio con elas. Cara unha relación máis xusta e respetuosa, trocando coidados polos seus excedentes.



*Instalacións integradas en plena natureza,*

*"Área de Ocio do Xuvia"*





Entre os meses de marzo e outubro cando realizamos saídas de traballo aos colmeares xeralmente iremos acompañados de abelleiros interesados en optimizar as súas técnicas de traballo. Esta actividade realizarase xeralmente durante as mañás dos domingos e cando a bondade do tempo o permita. Actividade de valde para os socios de AGA e os veciñ@s dos concellos cos que mantemos convenio de colaboración.

**Taller de xabóns do apicultor.-** Hoxe en día encontrámonos saturados de ingredientes sintéticos na cosmética convencional e na maioría dos xabóns que nos encontramos no mercado, polo que cada día son máis os que valoran "o natural". Pouco a pouco estase tendo máis conciencia dos beneficios que poseen os xabóns naturais fronte aos industriais. A principal diferenza, entre uns e outros, radica no proceso de fabricación dos xabóns naturais, xa que se utilizan únicamente ingredientes vexetais moi beneficiosos para a saúde de nosa pel ao posuír multitude de propiedades terapéuticas, que non conteñen a maior parte dos xabóns convencionais, ademais se se conxugan coas técnicas de elaboración artesanais de antaño e os produtos da colmea o beneficio é aún maior.

Achégate a Ferrolterra e aprende con nós a facer xabóns naturais de mel, propóleo e pole.

Duración do taller 4 horas. Entregaranse mostras dos xabóns elaborados. Prezo por asistente.- 20 €

**Curso/taller procesado de cera.-** Unha das boas prácticas para a saúde das abellas e o bo rendemento das colmeas, é a renovación periódica da cera, os panais vellos non son convintes. Ademais, a súa utilización no mundo da cosmética incrementou moito o seu prezo, e a utilización indiscriminada de fármacos acumúlanse polo que mercar calquera cera non é bo. Os abelleiros temos que aproveitar e reciclar a nosa propia cera. Temos útiles sinxelos cos que reciclar e laminar a nosa propia cera. Neste taller aprenderedes:

- As propiedades da cera.
- O proceso de reciclado. A fundir con caldeira de vapor e cerificador solar.
- Aprenderedes a fabricar un cerificador solar.
- Aprenderedes a laminar a vosa propia cera.

Duración do taller 8 horas. A desenrolar en dúas tardes do mes de abril. Prezo por asistente.- 30 €

**Curso de iniciación "Técnicas de apicultura natural sostible". No local Social AVV de Sedes (Narón), 11 de abril de 10 a 14 horas.**

**Obxectivo.-**Tras varios anos de experiencia, e polos resultados positivos obtidos, seguimos coa opción de facer un curso longo e completo onde os participantes finalicen coñecendo as costumes das abellas; sabendo relacionarse e colaborar con elas e poder levar de xeito natural un colmeaar.



Formar aos novos pastores de abellas para que ao final do curso sexan capaces de levar axeitadamente un colmeaar familiar. A filosofía do curso baséase no respecto á abella (as abellas como amigas e colaboradoras) polo vital traballo medioambiental que desempeñan e os valiosos produtos que tan xenerosamente nos ofrecen.

*A capacidade de emocionarte  
ante os seres pequenos non te fai  
débil, faite máis humano.*



O curso pretende armonizar de xeito natural a relación entre as abellas e o seu pastor na búsqueda dunha colaboración xusta de intercambio e non de explotación (trocar os seus produtos por atención e coidados).

**Duración.-** Trátase dun curso teórico/práctico moi completo de 60 horas desenrolado de xeito discontinuo para practicar todas as tarefas requiridas na actividade apícola durante toda a campaña. O curso iníciase en abril e remata en setembro coa esmeltada e preparación da invernada.

O curso teóricamente dura 60 horas (20 horas de teoría + 40 de prácticas) aínda que na práctica son máis xa que dado o elevado número de participantes (tódolos anos entre 30 e 40) e para obter un mellor rendemento formativo moitas sesións prácticas son desdobladas facéndose ao menos dous grupos.



**Ubicación e medios.-** A parte teórica se desenrola no Local Social da AVV Sedes (Narón), e as prácticas nos tres Colmeares Didácticos Municipais (Sedes/Naron, A Cortiña/San Sadurniño e Esmelle/Ferrol) cos que conta a Delegación Ferrolterra de AGA. Os medios técnicos e humanos son facilitados pola Delegación Ferrolterra de AGA.

### **Programa:**

**Importancia das abellas.-** Ciclo biolóxico das abellas; o enxame; colmeas, partes da colmea; o panal; os abelleiros: equipo e utensilios; manexo do afumador e instalación do apiario. Prácticas: visitas a varios colmeares, distinción de individuos, posta e inspección xeral de colmeas.

**Reproducción do apiario.-** Os individuos da colmea; nocións de selección; multiplicación do apiario: recollida de enxames, formación de núcleos; colocación e control de alzas para a colleita de mel e calendario de traballos. Prácticas. Visitas a apiarios e prácticas de selección, reprodución e mantemento do espazo.

**Saúde das abellas.-** A saúde das abellas e o medio ambiente; sanidade apícola: principais parásitos que afectan ás abellas (varroa, loque, vespa velutina. Prevención de doenzas; enfermidades da cría; enfermidades dos adultos; control de enfermidades e desinfección. Prácticas: Visita a apiarios e identificación e control de doenzas.

**Elaboración e comercialización de produtos apícolas.-** A invernada; a esmelta: local de extracción do mel; equipamento do local; extracción; decantación; envasado e etiquetado do mel. Os distintos produtos das abellas: calidades e cualidades. A cera, reciclado; a súa influencia na saúde das abellas e na calidade do mel. Comercialización asociativa e cooperativa e Producción Primaria. Prácticas: Visita a un local de extracción e procesado de mel.

**Datas e horario:** Comezo sábado 9 de abril (teoría de 10:00 a 14:00 horas) o resto das sesións formativas teórico/prácticas a determinar en función das condicións metereolóxicas. O curso iníciase o 11 de abril e se estende ata finais de setembro.

**Aforo participantes:** Sen límite. Para obter un mellor rendemento formativo moitas sesións prácticas serán desdobladas facéndose grupos.

**Monitoraxe:** Equipo técnico da Asociación Galega de Apicultura "AGA" (Delegación Ferrolterra).

**Inscripcións e información:** [dagaferrol@hotmail.com](mailto:dagaferrol@hotmail.com). Actividade formativa gratuita por estar patrocinada polo Concello de Narón.

**Organizan conxuntamente:** Concello de Narón e AGA Ferrolterra. Para inscricións ou información.- [dagaferrol@hotmail.com](mailto:dagaferrol@hotmail.com).

**Curso de "Reproducción apícola básica". Na Casa da Cultura de San Sadurniño, 9 de maio 10 a 14 horas.** Obsetivos do curso:

1.- Acadar os coñecementos básicos teórico-prácticos sobre a cría e selección das raíñas e así mellorar a xenética das nosas abellas.

2.- Acadar un mínimo dominio nas técnicas básicas de reprodución do colmeaar.

Utilizando ambas técnicas obteremos un importante avance técnico e consecuentemente unha mellora importante na rentabilidade da explotación.

**Programa:** Bioloxía dos individuos; enxamía natural e reprodución controlada; tipos de multiplicación de colmeas (divisións e formación de núcleos); raíñas de calidade e métodos de cría.

**Lugar e duración:** Teoría na Casa de Cultura do Concello de San Sadurniño e as prácticas nos Colmeares Didácticos Municipais xestionados pola delegación e outros particulares no ámbito do concello. 16 h teórico /práctico.



*A diminución das abellas en todo o planeta é unha realidade que non pode deixarnos indiferentes. Pénsao e axúdanos a protexelas.*



*A colmea ea farmacia natural máis antiga e sa.*





**Datas e horario:** Comezo sábado 9 de maio (teoría de 10:00 a 14:00 horas) o resto das sesións formativas teórico/prácticas a determinar en función das condicións metereolóxicas.

**Aforo participantes:** 20 como máximo.

**Monitoraxe:** Equipo técnico da Asociación Galega de Apicultura "AGA" (Delegación Ferrolterra).

**Prezo:** 50 € incluíndo o resumo do curso en formato dixital. 30 € para os veciños de San Sadurniño, Naron e membros de AGA. Para inscricións ou información.- dagaferrol@hotmail.com.

**Orgaizan:** Concello de San Sadurniño e "AGA" (Delegación Ferrolterra).



*A apicultura non é unha ciencia exacta e o que onte dábase como certo hoxe cuestiónase ou ten outra lectura. As abellas levan na terra moitos máis millóns de anos que nós, evolucionando en perfecta harmonía coas plantas e desenrolando unha labor vital para a vida do seu entorno. Aprendamos de elas os seus costumes, hábitos e bon facer.*

## PROGRAMA COMERCIAL

**Compra conxunta de material apícola.-** No mes de maio realizaremos o primeiro pedido de material do ano para obter todo aquilo que precisedes. En setembro realizaremos outro.

## PROGRAMA SALVAR AS ABELLAS

**Programa salvar as abellas.-** A delegación seguirá participando activamente na resolución dos problemas xerados por enxames e avispeiros ventureiros na bisbarra de Ferrolterra. Con esta iniciativa preténdese resolver os problemas xerados aos cidadáns e evitar que se eliminen os enxames molestos.

**Programa Vespa velutina.-** Seguiremos co programa de sensibilización emprendido fai xa 18 meses dando charlas polos distintas barrios e parroquias da nosa extensa bisbarra. Antes de maio ao menos percorrерemos todas as parroquias de Naron, e algunhas de Ares, Fene e Mugar dos.

Estas charlas pretenden informar e concienciar a opinión pública e aos sectores máis afectados para poder realizar unha detección temprana de raíñas e dos niños polo que o ideal é realizalas na primavera para potenciar a captura das raíñas con trampas e destrución dos niños primarios.

*¡Benvida primavera, benvidas abellas! Xa comezou a primavera, chea de cores e abellas.  
¿Estades preparad@ para recibir e colaborar coas creadoras das cores e dos alimentos do mundo?*

O 12 de febreiro desenrolamos nosa assemblea donde se fixo repaso das actividades desenroladas no 2014 e aprobouse o programa do 2015, tamén déronse as contas.

## MEMORIA DAS ACTIVIDADES DESENROLADAS NO 2014

Como cada ano, e de acordo co procedemento, realizamos un informe abreviado coas actividades desenroladas no 2014, o estado das contas, así como o programa previsto para o 2015. Quen teña interese de recibir máis información do tema que avise e se lle enviara o informe completo anual que enviamos anualmente a AGA Central e que se expón no Consello Apícola.

**1 – Programa de sensibilización ambiental.** Os neoticotinoides e agora a Vespa velutina... con tantos atrancos non he nada doado desenrolar o mundo das abellas. As abellas non se poden defender ante o mal proceder do home, sin non o facemos os abelleiros ninguén se preocupara.

**1.1.- Os convenios de colaboración cos concellos.-** Estes convenios incorporan diversos servizos que a delegación desenrola ao concello (retirada de enxames e avispeiros da vía pública, organización de eventos, etc.).





**1.2.- Atención dos três colmeares didácticos municipais xestionados por AGA Ferrolterra.** Son unha ferramenta moi útil para fomentar o mundo das abellas e tamen para tender pontes de unión cos concellos. Duas terceiras partes do mel obtido foi entregado a entidades benéficas.

**1.3.- Defensa da abella e do medio ambiente.-** Este e un campo que non ten fin e ao cal podesele adicar moitísimos recursos e tempo. O traballo coordinado dos abelleiros e grupos ecoloxistas van dando o seu froito (prohibición parcial dos neotocotinoides) o cal animanos a continuar a loita.

**Campaña de sensibilización da Vespa velutina.-** Tal e como preveíamos no 2014 a velutina arrasou moitas colmeas. É moi duro contemplar como as velutinas devoran as abellas, e mais non atopar unha solución sinxela que poidamos aplicar para controlar esta terrible plaga. Este problema o levan sufrindo varios anos os franceses e vascos sin moito éxito, pólo que os galegos teremos que esforzarnos na búsqueda de medidas de control. **Iniciativas desenroladas pola delegación coa velutina:**

- A falta dunha guía clara en Galicia a finais do 2013 elaboramos un protocolo de actuación. Posteriormente o fixo a Concellería de Medio Rural da Xunta.
- A inicio do 2014 editamos 5.000 trípticos e 500 carteís. Desenrolamos 3 charlas informativas no 2013 e 9 no 2014, en distintas AVV da bisbarra e fora dela.
- Xunto cós delegacións do Eume e Ortegal e AGA Central hemos orgaizado visitas, charlas e reunións nas zoas mais afectadas e unha manifestación abelleira (Ferrol, 8 oct.).
- Intensa campaña divulgativa nos medios de comunicación. Distintas actuacións na prensa, radio e tv (local e tvg).
- Estamos desenrolando distintos métodos de destrución de niños a gran altura. Algún probado con bon resultado.
- Con objeto de obter axuda para mellorar o coñecemento biolóxico da especie hemos contactado con diversos organismos e universidades. Han respondido positivamente a Universidade de Valladolid e o Museo de Ciencias Naturais de Madrid. Como resultado entre o 24 e 26 de outubro desplazouse a Ferrolterra Luis Oscar Aguado, especialista en insectos polinizadores e medio ambiente. En breve remitira un artigo para mellor comprensión biolóxica da especie. Enviamos un niño a Un.de Valladolid e outro ao Museo de Ciencias Naturales de Madrid, de donde Oscar e profesor e asesor.



*Pancarta manifestación abelleira (Ferrol, 8/10/2014)*

**1.4.- Colaboración con entidades afíns.-** Toda canta persoa vexa o que esta acontecendo coa degradación do medio ambiente, da súa saúde e da nosa propia debe facer un esforzo por evitalo. Non chega con participar en AGA, temos que chegar a mais sectores polo que a participación activa en outras asociacións e necesario para chegar a opinión pública e tratar de cambiar as cousas. Os sistemas productivos han de estar en harmonía coa natureza, por ser o único camiño viable cara a garantir un futuro saudable para as vindeiras xeneracións.

- **1.4.1.- Asociación Agrarista "Círculo Gacela".-** Ao longo do ano desenrolaremos mensualmente unha serie de actividades formativas co obxectivo de fixar poboación no rural ofrecendo a obtención de novos recursos que axuden ás familias a levar mellor esta crise económica e divulgar os métodos productivos alternativos. Básicamente a nosa colaboración no 2014 consistiu na orgaización y desenrolo do programa formativo.
- **1.4.2.- Parque "ALDEA NOVA".-** Este Parque Temático de Desenvolvemento Rural que naceu para dinamizar tódalas actividades productivas do agro de xeito alternativo, acadando un desenvolvemento equilibrado, sustentable e sostible, con xeración e revalorización dos recursos naturais e patrimoniais. Ultimamente non paseu polos seus mellores momentos, pero agora volve con enerxias renovadas e voltamos a potencialo orgaizando nas súas instalacións novas actividades, proba delo son as tres charlas que orgaizamos nas súas instalacións en outubro.



**1.5.- Participación en eventos importantes da comarca.-** Seguimos coa exposición itinerante a voltas. Este ano por limitacións do equipo de traballo reducimos un pouco a asistencia a este tipo de eventos.

*Aerodinamicamente o corpo dunha abella non está feito para voar, o bo é que a abella non o sabe. Sorprendido? Ven a AGA e aprende connosco de xeito sustentable o abraiante mundo das abellas. Os insectos alados máis bondadosos da terra.*

## 2 - PROGRAMA FORMATIVO DESENROLADO

**2.1.- Practicas no colmeiar.-** Realizaronse varias saídas prácticas formativas con abelleiros.

**2.2.- Actividades con neos/as.- 16 de Decembro no CPI de San Sadurniño.-** Desplazaronse catro monitores coa "Exposición Apícola Itinerante" atendendose catro grupos de 1º e 2º da ESO. Amplia actividade con charla, vídeo, degustación de meles monoflorais e distribución de varios dípticos e un boteciño de mel de 50 gr para cada raparigo.



**2.3.- Cursos.-** Desenrolamos 2 cursos formativos, un de iniciación (80 horas teórico/práctica) e o de especialización de 16 horas.

**2.4.- Conferencias e xornadas técnicas.-** Independentemente das nove monográficas da Velutina realizáronse un total de 10 charlas técnicas de diversos temas apícolas.

**2.5.- Viaxes formativos.-** O 14 de xunio visitamos a “Casa das abellas” de Meangos e o 5 de outubro viaxe coas delegacións do Eume e Ortegaleira ao “VII Congreso Apícola Hispánico” para asistir a xornada sobre a Vespa velutina.

### 3 - PROGRAMA COMERCIAL

**3.1.- “XIV Feira do Mel e dos Produtos Ecolóxicos”.-** Coorganizouse co concello de Naron a nosa feira.

**3.2.- Compra conxunta de material apícola.-** Este ano realizáronse dous pedidos (maio e setembro).

**3.3.- Programa salvar os enxames.-** A delegación participou activamente na resolución dos problemas xerados por enxames e avispeiros ventureros na bisbarra.

**4 – COMUNICACIÓN COS SOCIOS.-** Ao longo do 2014 enviáronse tres cartas (marzo, maio e setembro) a os socios da delegación, totalizando un total de 348 cartas en formato de papel e algo máis do dobre en formato electrónico.



REMITE:



C/. San Salvador, 41- 2º  
15404 Ferrol